

# Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Colabora no Atlas escribindo a [botanica@sghn.org](mailto:botanica@sghn.org)

## *Fallopia japonica* (Moutt.)

O bambú xaponés é orixinario do sudeste asiático. Foi introducido en Europa como especie ornamental, como melífera e para cultivo forraxeiro, sendo citado en Galicia por vez primeira no ano 1990. Atópase sobre todo en ribeiras fluviais, bordos de estradas e zonas degradadas. Provoca necrosis sobre as raíces da flora adxacente a través das sustancias alelopáticas que emite, diminúe a biodiversidade, e despraza ás especies autóctonas pola súa alta capacidade de multiplicación vexetativa, gran capacidade de crecemento, rexeneración e expansión. Desestabiliza os cauces fluviais e provoca danos nas construcións, vías férreas e obras públicas. A UICN considéraa como unha das cen especies invasoras máis perigosas.

